

Curso de inglés académico

TIPO: Específico

DURACIÓN: 40 horas

LUGAR: Campus de Vigo

Obxectivos

Curso dirixido ao alumnado que quere cursar algunha materia da súa carreira en inglés ou desenvolver tarefas de investigación tanto na Universidade de Vigo coma no estranxeiro nun programa de intercambio, co fin de proporcionarlles os coñecementos necesarios para comunicarse de xeito eficaz en inglés nun contexto académico. O curso ten un compoñente teórico pero é principalmente práctico con especial atención nas destrezas de expresión oral e escrita.

O programa consta de dous apartados, comunicación escrita e comunicación Oral.

En comunicación escrita abórdanse temas como a estrutura de textos académicos; vocabulario e gramática para textos académicos; léxico para describir distintos tipos de gráficos e táboas; números, abreviaturas científicas e símbolos matemáticos; e correo electrónico, entre outros.

No apartado de comunicación oral, trátanse entre outros temas, as presentacións en distintos contextos (seminarios, congresos, clases); as reunións con equipos; ou as distintas interaccións sociais.

Como acceder

Ter coñecementos da lingua estranxeira a nivel A2/B1

Certificados

CERTIFICADO DE ASISTENCIA: É preciso asistir ao 85 % das clases

Prezos

Comunidade Universitaria: 156 €

Público en xeral: 190 €

Outros datos de interese

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos ECTS ou de libre elección pola Universidade de Vigo.